

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICO, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 23 de novembro de 2023 aprobou a modificación do Regulamento de Planificación Académica, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

REGULAMENTO DE PLANIFICACIÓN ACADÉMICA

(Modificacións aprobadas polo Consello de Goberno do 23/11/2023)

- **Incorpórase a data do consello de goberno que aproba estas modificacións, corríxense erros detectados e unifícanse as datas nun parágrafo:**

Onde di:

(Aprobado polo Consello de Goberno o día 19 de xuño de 2020)
(Modificado polo Consello de Goberno o día 24 de xuño de 2020)
(Modificado polo Consello de Goberno o día 23 de febreiro de 2023)

Debe dicir:

Aprobado polo Consello de Goberno o día 20 de decembro de 2019 e modificado nas reunións de consello de goberno do 19 de xuño de 2020, 24 de xullo de 2020, 23 de febreiro de 2023 e 23 de novembro de 2023.

- **Artigo 2_ Alcance da Planificación Académica Anual**

- Substitúese PAA por “en diante PAA”.

- **Artigo 3_Normativa de aplicación**

- No punto 7 elimínase vixente da redacción da normativa de mobilidade, para manter a mesma estrutura que no resto da normativa.
- Incorpórase como punto 13, o Regulamento das modalidades híbrida e virtual.
- Incorpórase como punto 14, a Lei Orgánica 2/2023 do Sistema Universitario.

- **Artigo 4_Da capacidade lectiva e titorial das áreas de coñecemento**

- Elimínase o punto 2 xa que se fai referencia a criterios de necesidades estruturais, non conxunturais.
“Para o cálculo da capacidade lectiva das áreas teranse en conta os criterios de necesidades estruturais das áreas que se recollen no Plan Plurianual de Profesorado 2019-22, no que fai referencia a encargo docente, HDE e xestión ordinaria”.
- Renumérase o artigo.

- **Artigo 5_Da capacidade lectiva neta das áreas de coñecemento**

- Modifícase a redacción do artigo para substituír “responsabilidades de xestión”, por “responsabilidades académicas”.

Onde di:

A capacidade lectiva neta de cada área de coñecemento é o resultado de descontar da súa capacidade lectiva as horas de redución que correspondan polo exercicio de cargos e responsabilidades de xestión e de representación sindical do profesorado adscrito a ela.

Debe dicir:

A capacidade lectiva neta de cada área de coñecemento é o resultado de descontar da súa capacidade lectiva as horas de redución que correspondan polo exercicio de cargos e responsabilidades académicas e de representación sindical do profesorado adscrito a ela.

➤ **Artigo 7_Capacidade lectiva non clínica das diferentes figuras de profesorado**

- Actualízanse as capacidades a horas/curso, en lugar de horas/ano.
- Apartado a):
 - Incorpóranse as figuras do profesorado permanente laboral, profesorado laboral fixo asimilado a colaborador (doutor e non doutor) e profesorado axudante doutor con contrato posterior á entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.
 - Elimínase o punto vi) por desaparecer a categoría de “axudante”.
 - Renumérase o apartado.
- Apartado b):
 - Incorpórase a figura do “Profesorado P4”.
 - Renumérase o apartado.

➤ **Artigo 8_Capacidade lectiva clínica das diferentes figuras de profesorado**

- Actualízanse as capacidades a horas/curso
- Modifícase a redacción do apartado 1.ii) para eliminar a duplicidade “P6”.

Onde di:

Profesorado P6 con vinculación asistencial P6 ...

Debe dicir:

Profesorado P6 con vinculación asistencial ...

- Elimínase o acrónimo PACS dos apartados 1 e 3.

➤ **Artigo 9_Capacidade tutorial das diferentes figuras de profesorado**

- Actualízanse as capacidades a horas/curso
- No apartado 1. i) incorpórase a figura do profesorado permanente laboral.
- Elimínase o apartado 1. iv) por desaparecer a categoría de “axudante”.
- No apartado 2. ii) incorpórase a figura do profesorado P4 e renumérase o apartado.

➤ **Artigo 10_Reducións da capacidade lectiva das áreas de coñecemento**

- Elimínase o punto 2 por facer referencia a criterios de necesidades estruturais, non conxunturais.
“Para o cálculo da redución da capacidade lectiva das áreas de coñecemento terase en conta o que establece o Plan Plurianual de Profesorado 2019-22 no que fai referencia a encargo docente, HDE e xestión ordinaria”.
- Elimínase o punto e aparte dos apartados 3 e 4 para unificalos nun único punto. Non se modifica a redacción.

Onde di:

As actividades polo desempeño de cargos e responsabilidades académicas poderán reducir a capacidade lectiva das áreas afectadas ata un máximo de 720 horas no conxunto dos dous campus. Para o establecemento deste límite non se terán en conta os cargos que comportan unha exención total de docencia.

No caso de que unha área supere este límite, as horas de redución distribuiranse de xeito proporcional entre os dous campus.

Debe dicir:

As actividades polo desempeño de cargos e responsabilidades académicas poderán reducir a capacidade lectiva das áreas afectadas ata un máximo de 720 horas no conxunto dos dous campus. Para o establecemento deste límite non se terán en conta os cargos que comportan unha exención total de docencia. No caso de que unha área supere este límite, as horas de redución distribuiranse de xeito proporcional entre os dous campus.

- Modifícase a redacción do actual punto 5.

Onde di:

Cando un profesor/a desempeñe máis dunha responsabilidade académica das incluídas no Regulamento citado no apartado 1 deste artigo, só se reducirán as horas lectivas correspondentes á actividade que teña asignada unha maior redución.

Debe dicir:

Cando un profesor/a desempeñe no mesmo curso máis dun cargo ou responsabilidade académica, só se reducirán as horas lectivas correspondentes á actividade que teña asignada unha maior redución.

- Actualízase a horas/curso a redución recollida no actual punto 6.
- Renumérase o artigo.

➤ Artigo 12_ Determinación do encargo lectivo dunha área de coñecemento

- Elimínanse os puntos 2 e 3 xa que non se aplican.
“ 2. Non se terán en conta para os efectos da determinación do encargo lectivo as materias optativas de mestrado con menos de 5 estudantes novos matriculados, agás no caso de titulacións que habiliten para o exercicio profesional”.
"3. No caso de materias pertencentes a mestrados interuniversitarios impartidas desde a USC conxuntamente a todo o alumnado das universidades participantes, teranse en conta para os efectos de determinar o encargo lectivo todos os alumnos/as matriculados. Non obstante, non se computarán aquelas materias optativas deste tipo de titulacións que teñan menos de 10 alumnos novos matriculados”.
- Renumérase o artigo.

➤ Artigo 16_ Das propostas de modificación da proposta inicial

- Modifícase a redacción do punto 2.d.iv

Onde di:

Limitar a oferta de materias optativas, de xeito que a ratio entre o número de créditos optativos ofertados e o número de créditos optativos que deba cursar un estudante para titularse non supere un valor entre 2 e 2,5 respectando, en todo caso, a singularidade que a este respecto establece cada plan de estudos.

Debe dicir:

Limitar a oferta de materias optativas, respectando o mínimo previsto no Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC.

➤ Artigo 18_ Modificacións do PDA unha vez aprobado

- Modifícase a redacción do apartado c)

Onde di:

c) Que non rematase o curso académico ao que afecten.

Debe dicir:

c) Que non rematase o curso académico ao que afecten, agás que se trate de TFG/TFM que non teñan asignado profesorado no POD da área.

- Eliminar o apartado d) por estar contemplado no c)
- d) Que, como norma xeral, a modificación non teña carácter retroactivo.
- Reorganízanse os puntos.

➤ **Artigo 22 Recoñecemento de actividades**

- Modifícase a redacción do punto 1, por incorporación do seguinte parágrafo:
“Para optar ao recoñecemento de actividades como HDE, este profesorado deberá ter recoñecidos os correspondentes méritos/requisitos no período establecido na instrución para o cómputo de HDE no que os departamentos procederán á revisión das fichas do seu profesorado e, de ser o caso, á introdución de datos”.
- No punto 2, substitúese Horas Docentes Equivalentes (HDE), por HDE.

➤ **Artigo 25 Criterios para a asignación de docencia ao profesorado**

- No punto 1, modifícase o mínimo de horas lectivas do profesorado

Onde di:

Os departamentos distribuirán as horas lectivas das materias que teñen asignadas de xeito equilibrado entre os seus membros, respectando sempre o seu réxime de dedicación, e o recoñecemento de HDE nos termos previstos neste regulamento. En todo caso, todo profesor/a deberá ter un encargo docente mínimo de 60 horas lectivas.

Debe dicir:

Os departamentos distribuirán as horas lectivas das materias que teñen asignadas de xeito equilibrado entre os seus membros, respectando sempre o seu réxime de dedicación, e o recoñecemento de HDE nos termos previstos neste regulamento. En todo caso, todo profesor/a deberá ter un encargo docente mínimo de 120 horas lectivas, agás nos casos previstos no artigo 22.3.

- No punto 2, actualízase a denominación da normativa

Onde di:

“Normativa sobre o criterio de antigüidade do Persoal Docente e Investigador para efectos internos na USC”.

Debe dicir:

“Normativa sobre prelación de categorías de profesorado e determinación da antigüidade para efectos internos na USC”.

- Nos puntos 7 e 8 incorpórase “por grupo expositivo” que aclarar a recomendación do número de profesores da materia.
- 7. Nas materias de grao tenderase a que sexa un único profesor/a quen as imparta de xeito integral. Cando isto non resulte factible, procurarase que o número de profesores/as que interveña na docencia sexa o menor posible. A tal fin recoméndase que para as materias de 4,5 ECTS o número máximo de profesores por grupo expositivo sexa un, e no caso de materias con máis destes créditos o seu número non sexa superior a dous. De non ser posible axustarse á recomendación da vicerreitoría, deberá achegarse a oportuna xustificación.

8. Nas materias de mestrado tenderase a que haxa un único profesor/a cando a materia teña asignados 3 ECTS ou menos, e a que non haxa máis de dous profesores por grupo expositivo, cando a materia teña máis de 3 ECTS. Se isto non fose posible, deberá achegarse a oportuna xustificación.

➤ **Artigo 26 Asignación de actividades docentes ao persoal investigador contratado a través de programas de recursos humanos**

- Incorpórase o seguinte parágrafo sobre a vinculación deste persoal a área/s de coñecemento:
“Como norma xeral, o persoal investigador con **contrato predoutoral ou posdoutoral** figurará no POD do departamento, vinculado á área na que se lle asigne a colaboración docente. Non obstante, poderá colaborar en actividades docentes relacionadas coa súa investigación noutra área de coñecemento do mesmo departamento ou de departamento distinto, sempre que exista o acordo do departamento ou departamentos implicados, e que non o impida a convocatoria da axuda”.

➤ **Artigo 27 Asignación temporal de docencia en campus distinto ao de adscrición**

- Elimínase a última parte do punto 6, por estar recollida no punto 5:
“A asignación temporal de docencia en campus distinto poderá realizarse por proposta dos departamentos ou a instancia da vicerreitoría con competencias en organización académica, e deberá ser autorizada expresamente por esta. Tamén deberá autorizar as indemnizacións por razóns do servizo que, de ser o caso, correspondan, coa indicación dos órganos responsables do pagamento”.

➤ **Artigo 29 Elaboración da guía docente**

- Substitúese guía docente por programación docente, na denominación do artigo e nos puntos correspondentes.
- No punto 3 cambiase plan de estudos vixente por memoria do título.
- Modifícase a redacción do punto 4, sen afectar ao contido.

➤ **Disposición final segunda. Entrada en vigor**

- Modifícase o curso de entrada en vigor, que será o 2024/2025.

➤ **ANEXO I**

- No punto 1 do apartado I. Recoñecemento da Actividade Docente, incorpórase un novo recoñecemento:
q) Titor/a académico/a dos deportistas de alto nivel da USC, sempre que titorice 3 ou máis estudantes: 5 HDE.
- No apartado III. Recoñecemento de Actividades de Xestión, incorpóranse os seguintes recoñecementos:
 - d) Presidencia da Comisión Antifraude 20 HDE.
 - e) Responsable do Sistema Interno de Información 20 HDE.
 - f) Coordinación de EUniwell: 120 HDE.

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 05/12/2023 15:09:47.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 05/12/2023 14:43:02.

CSV: 2A31-25DC-4FBD-B4A7